

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 24 de xaneiro de 2005 pola que se modifica a do 1 de decembro de 2000 que establece o procedemento para solicitar a acreditación de actividades no sistema acreditador da formación continuada das profesións sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 1 de decembro de 2000 estableceu o procedemento para solicitar a acreditación de actividades no Sistema Acreditador da Formación Continuada das profesións sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia, determinando no seu artigo 1º as actividades susceptibles de tal acreditación.

Este artigo enumeraba como profesións sanitarias e titulacións acreditables as de medicina, farmacia, veterinaria, odontoloxía, enfermaría, fisioterapia, terapia ocupacional, podoloxía e nutrición humana e dietética; así como aquelas outras vinculadas coas titulacións de física, bioloxía, química, bioquímica e psicoloxía clínica, sempre que sexan actividades relacionadas na súa especialización coas ciencias da saúde.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, estableceu nos seus artigos 2º e 3º as profesións sanitarias tituladas (niveis de licenciado e diplomado), así como os profesionais da área sanitaria de formación profesional (de grao superior e de grao medio), dispoño ademais que as administracións sanitarias establezan -nos casos en que resulte procedente- os modelos para a integración e incorporación dos técnicos superiores e técnicos de grao medio, e das súas actividades profesionais sanitarias, aos centros e establecementos dependentes ou adscritos a aquelas administracións, regulando os sistemas de formación continuada e de desenvolvemento destes.

Por outra banda, os artigos 6º e 7º da mesma Lei 44/2003 antes citada conteñen a enumeración das licenciaturas e diplomaturas sanitarias a que se refire o artigo 2º da mesma norma.

Esta normativa básica estatal obriga a adaptar a normativa autonómica vixente na materia, co obxecto de estendela ás profesións sanitarias que prevé a Lei 44/2003, do 21 de novembro.

Para tal fin, de acordo coas atribucións que me confire a disposición derradeira primeira do Decreto 8/2000, do 7 de xaneiro, para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento dese decreto; así como as previstas no artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro, e de conformidade co ditame nº 679/2004, do 7 de xaneiro de 2005, do Consello Consultivo de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do artigo 1º da Orde do 1 de decembro de 2000:

Modifícase o artigo 1º da citada orde, que quedará redactado como segue:

«Artigo 1º.-Profesións sanitarias e titulacións acreditables.

Poderán ser obxecto de acreditación, de acordo cos criterios establecidos pola Comisión Nacional de Formación Continuada, as actividades relacionadas coas seguintes titulacións e profesións sanitarias:

1. Profesións sanitarias tituladas:

a) De nivel licenciado: as profesións para cuxo exercicio habilitan os títulos de licenciado en medicina, en farmacia, en odontoloxía e en veterinaria, e os títulos oficiais de especialista en ciencias da saúde para licenciados a que se refire o título II da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

b) De nivel diplomado: as profesións para cuxo exercicio habilitan os títulos de diplomado en enfermía, en fisioterapia, en terapia ocupacional, en podoloxía, en óptica e optometría, en logopedia e en nutrición humana e dietética, e os títulos oficiais de especialista en ciencias da saúde para tales diplomados a que se refire o título II da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

2. Profesionais da área sanitaria de formación profesional:

a) De grao superior: os que teñan os títulos de técnico superior en anatomía patolóxica e citoloxía, en dietética, en documentación sanitaria, en hixiene bucodental, en imaxe para o diagnóstico, en laboratorio de diagnóstico clínico, en ortoprotésica, en próteses dentais, en radioterapia, en saúde ambiental, e en audiopróteses.

b) De grao medio: os que teñan os títulos de técnico en coidados auxiliares de enfermía e en farmacia».

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2005.

José Manuel González Álvarez
Conselleiro de Sanidade

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 2 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas de cooperación exterior de carácter humanitario ou de emerxencia para o ano 2005 e pola que se aproban as bases reguladoras da concesión destas axudas.

A actividade de carácter social ou humanitario no exterior a miúdo vén condicionada por feitos e cir-

cunstanancias imprevisibles que, non obstante, dada a extrema gravidade das consecuencias que xeran, requiren unha resposta urxente ou case sumaria para evitar que dereitos e bens de primeiro nivel, xurídicamente protexidos polo ordenamento internacional, non se vexan abogados a unha situación irremediabile. A vida, a saúde e os restantes dereitos subxectivos que atinxen á propia existencia da persoa e que, á súa vez, son o soporte dos seus restantes dereitos, merecen pois ser atendidos do xeito máis dilixente posible, compatibilizando esa urxencia na atención coa observancia dos procedementos establecidos para garantir o correcto funcionamento da Administración pública.

Así, xa que logo, a cooperación galega para o desenvolvemento, segundo proclama o artigo 3 da Lei 3/2003, do 19 de xuño, ten como un dos seus principios o recoñecemento do ser humano como protagonista último da cooperación para o desenvolvemento, dentro dun modelo de desenvolvemento social e político baseado na redistribución da riqueza e nos valores democráticos e o recoñecemento das persoas como suxeitos de dereitos fundamentais e acredores de condicións de vida dignas, alimentos, saúde e educación entre outras.

Por isto, é conveniente establecer unha liña específica de axudas, destinadas a atender as necesidades vitais ou urxentes xurdidas nos países apremados pola concorrencia de crises sanitarias, grandes fameas, fenómenos naturais, conflagracións bélicas, inestabilidade política grave ou calquera outras circunstancias de análoga natureza.

A finalidade das axudas aquí instrumentadas será, consecuentemente, coadxuvar a paliar, na medida do posible, estados carenciais sobrevidos pola alteración da orde natural das cousas, alí onde se produzan e da forma máis expeditiva posible para non malograr, precisamente, o obxecto e finalidade da propia intervención asumida pola Xunta de Galicia, a través da súa Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior.

Esta é a razón pola que se establecen as bases reguladoras dun procedemento sumario no que prime o principio de economía procesual e a axilidade na instrución e resolución, sen prexuízo do respecto aos criterios de obxectividade na concesión e de cumprimento de todas as garantías administrativas durante a tramitación, intentando que non se malogre ao mesmo tempo o obxectivo de cumprir eficazmente a rápida cobertura dos estados de extraordinaria necesidade xurdidos no contexto socioeconómico do país de que se trate.

Así mesmo, existindo crédito orzamentario adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2005, procede aprobar a convocatoria destas axudas con cargo a estes orzamentos.

Por todo isto, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Aprobar as bases reguladoras, que se xuntan como anexo desta orde, para a concesión de axudas de cooperación exterior de carácter humanitario ou de emerxencia.

2. Convocar as axudas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2005, que se financiarán con cargo ás aplicacións orzamentarias 04.03.213B.490.0, cunha dotación máxima de 200.000 euros e de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo desta orde.

Disposición adicional

Deléganse no secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior as atribucións para a resolución dos procedementos de concesión, de revogación e reintegro das subvencións, de modificación destas, e dos sancionadores que procedan, de ser o caso, agás cando a competencia resida no Consello da Xunta de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior para ditar cantas disposicións e instrucións sexan precisas para o mellor desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2005.

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública

ANEXO

Bases reguladoras da concesión de axudas de cooperación exterior de carácter humanitario ou de emerxencia.

Artigo 1º.-Obxecto.

Estas bases reguladoras teñen por obxecto regular a concesión de axudas de cooperación exterior de carácter humanitario ou de emerxencia en países en que se produza unha alteración da orde habitual das cousas debido a crises sanitarias, grandes fameas, fenómenos naturais, conflagracións bélicas, inestabilidade política grave ou calquera outras circunstancias de análoga configuración.

As axudas estarán destinadas á cobertura de necesidades de carácter puntual, individuais ou colectivas, ou á realización de intervencións polas enti-

dades que executen programas sociais ou asistenciais que inclúan unha pluralidade de beneficiarios/as e non dispoñan de axudas ordinarias, públicas ou privadas, para o desenvolvemento de proxectos e accións nas situacións descritas.

As axudas dirixiranse preferentemente a prestacións básicas de alimentación, saúde, educación, atención á infancia e discapacitados, aloxamento, reagrupamento familiar, reparación, adecuación ou restablecemento de redes de abastecemento e tratamento de augas ou doutras utilidades elementais análogas, que non poidan ser atendidas polos servizos regulares de protección social, fosen públicos ou privados.

Artigo 2º.-Solicitudes, requisitos que deben reunir os/as beneficiarios/as, documentación e prazo de presentación.

1. As solicitudes irán dirixidas ao secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior (rúa dos Feáns, 5 baixo, 15706 Santiago de Compostela) cubertas no modelo que figura como anexo I destas bases reguladoras, por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. As solicitudes procedentes do exterior poderán ser canalizadas por correo certificado.

2. Poderán solicitar as axudas as persoas xurídicas españolas sen ánimo de lucro que no seu obxecto social inclúan a prestación de servizos básicos ás persoas, ás familias ou ás comunidades damnificadas.

3. Documentación que hai que achegar coa solicitude:

a) Memoria descritiva da situación de emerxencia social ou humanitaria acaecida, con indicación das causas detonantes, valoración dos danos producidos ou das medidas reparadoras necesarias, relación de axudas solicitadas e obtidas para ese fin e contía solicitada á Xunta de Galicia.

b) Todos os documentos acreditativos que o solicitante considere pertinentes e que corroboren os feitos ou datos reflectidos na memoria.

c) Copia fidedigna dos estatutos vixentes da entidade, con indicación do rexistro oficial no que constasen depositados.

d) Copia compulsada do pasaporte ou doutro documento de identificación persoal do representante da entidade e acreditación bastante da representación.

e) Declaración do conxunto das solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4. Prazo de presentación.

As solicitudes poderán presentarse desde a publicación da orde de convocatoria anual de concesión das subvencións ata o 30 de setembro dese ano. A súa tramitación queda supeditada á subsistencia

de crédito orzamentario dispoñible. O centro directivo con competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento fará público o feito do esgotamento do crédito orzamentario mediante resolución inserida no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3º.-Instrución, prazo de resolución, criterios de adxudicación e resolución.

1. As solicitudes tramitaranse por orde de entrada. O prazo de resolución e notificación será de dous meses. A instrución do procedemento corresponderá á subdirección competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.

2. En todo caso, tendo en conta o obxecto e finalidade das axudas, aplicarase o procedemento de tramitación de urxencia nos termos previstos polo artigo 50 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O órgano instrutor avaliará a procedencia ou improcedencia da axuda solicitada considerando os seguintes criterios:

-Situación en consideración ao índice de desenvolvemento humano do país en que se atopen os posibles beneficiarios/as.

-Urxencia vital.

-Pertenza a un colectivo singularmente desfavorecido por razóns de idade, xénero, discapacidade, orixe étnica ou outras que deriven no desamparo na sociedade da que son integrantes.

-Dificultade para acceder a outras axudas, nacionais ou internacionais.

-Grao de carencia de recursos.

-Incidencia no contorno social ou comunitario.

-Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais ou autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, conforme o previsto no artigo 12 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

4. As axudas graduaranse á vista das circunstancias concorrentes e nunca poderán exceder do cincuenta por cento dos deméritos económicos ocasionados pola causa detonante da situación de urxencia ou das accións reparadoras necesarias, de ser susceptibles de valoración económica, non superando en ningún caso a subvención concedida os 30.000 euros.

5. Á vista do expediente instruído, o instrutor elevará proposta de resolución ao conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento, que resolverá. De non recaer resolución expresa nos prazos previstos no punto 1 do artigo 3º, a solicitude poderase entender desestimada.

Artigo 4º.-Compatibilidade das axudas.

As axudas aquí reguladas serán compatibles con calquera outras procedentes de administracións públicas, organizacións internacionais, entidades privadas non lucrativas ou doazóns de particulares, sempre e cando a suma de todas as obtidas non supere o custo de reposición dos bens ou dereitos afectados ou reparación das necesidades evidenciadas dos solicitantes, aínda que sexa con carácter paliativo.

Artigo 5º.-Publicidade da concesión das axudas.

Unha vez ultimada a concesión de axudas, publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas coa indicación do beneficiario/a, contía, país de destino e finalidade.

Artigo 6º.-Anticipos e pagamentos.

En atención á coherencia co obxecto e finalidade das axudas, unha vez concedidas aboaranse o oitenta por cento da contía outorgada en concepto de anticipo, con base no previsto no número 5 do artigo 29 da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.

Para tal efecto, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude de libramento do anticipo.
- b) Declaración responsable complementaria e actualizada das outras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para a acción subvencionada.
- c) Orixinal ou fotocopia compulsada dos certificados da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias e sociais e certificación da Consellería de Economía e Facenda da Comunidade Autónoma de non ter débeda ningunha por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

d) Certificación bancaria da conta da entidade á que se debe efectuar a transferencia dos fondos. Os comprobantes dos ingresos e gastos operados na devandita conta estarán á disposición do centro directivo competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A orde de transferencia efectuarase en euros, non asumindo a Xunta de Galicia ningún risco de cambio se o cobramento se culmina noutra divisa con cotización oficial ou noutra moeda de curso legal no país do beneficiario/a cando a normativa deste impossibilitase o cobramento en euros.

Artigo 7º.-Prazo e forma de xustificación das axudas outorgadas.

Unha vez efectuada a transferencia dos fondos, os beneficiarios/as disporán dun prazo de dous meses para xustificar a correcta aplicación dos mesmos no curso do exercicio económico corrente. Esta considerárase máis axeitada cando se presenten facturas, recibos ou xustificantes válidos no ordena-

mento do país en que se atope o beneficiario/a acreditativos de ter adquiridos os bens e/ou desfrutados os servizos acorde co estado de carencia detallado na memoria adxunta á súa solicitude orixinaria. Así mesmo achegarase unha memoria sobre a actuación realizada e os resultados acadados con ela.

Artigo 8º.-Reintegro por incumprimentos.

Os beneficiarios/as que falseasen a situación real en que se atopasen ou que non acreditasen, total ou parcialmente, a boa finalidade das cantidades percibidas, deberán proceder ao reintegro da totalidade destas en caso de falseamento ou incumprimento pleno, ou a parte proporcional en caso dunha parcial falta de xustificación, sen prexuízo da existencia das responsabilidades a que proceda.

Artigo 9º.-Información a órganos fiscalizadores.

Os beneficiarios/as obríganse, polo simple feito de cursar a súa solicitude, a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas español e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 10º.-Modificación de condicións.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, e en todo caso a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais que agregadas superen a contía solicitada, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión. En todo caso, o beneficiario/a comunicará puntualmente ao centro directivo con competencias en materia de cooperación ao desenvolvemento a obtención doutras axudas, doazóns coa mesma finalidade.

Artigo 11º.-Recursos.

As resolucións expresas ou presuntas dos procedementos singulares instruídos en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

b) Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente desta orde, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se teña por producido o acto presunto.

ANEXO I

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

PROCEDEMENTO AXUDAS DE COOPERACIÓN EXTERIOR DE CARÁCTER HUMANITARIO OU DE EMERXENCIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR701A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA XURÍDICA SOLICITANTE

NOME COMPLETO DA ENTIDADE			
ENDEREZO (RÚA, Nº)		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO/S	FAX
CORREO ELECTRÓNICO	CIF DA ENTIDADE	DATA DE CONSTITUCIÓN	
NOME DO RESPONSABLE E DOCUMENTO ACREDITATIVO			

DATOS DA ACTUACIÓN

TÍTULO DO PROXECTO	
PAÍS / ÁREA XEOGRÁFICA ONDE SE REALIZA	CÓDIGO DO SECTOR E SUBSECTOR CAD DA INTERVENCIÓN
CAUSA DA INTERVENCIÓN	DATA DE INICIO
CUSTO TOTAL (€)	CANTIDADE SOLICITADA COMO SUBVENCIÓN (€)

DOCUMENTACIÓN

<input type="checkbox"/> A.- MEMORIA DESCRIPTIVA DA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL OU HUMANITARIA.
<input type="checkbox"/> B.- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS OPORTUNOS.
<input type="checkbox"/> C.- COPIA FIDEDIGNA DOS ESTATUTOS VIXENTES DA ENTIDADE, CON INDICACIÓN DO REXISTRO OFICIAL EN QUE CONSTASEN DEPOSITADOS.
<input type="checkbox"/> D.- COPIA DO PASAPORTE OU DOUTRO DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN PERSOAL DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE E ACREDITACIÓN BASTANTE DA REPRESENTACIÓN.
<input type="checkbox"/> E.- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DAS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 2 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas de cooperación exterior de carácter humanitario ou de emerxencia para o ano 2005 e pola que se aproban as bases reguladoras da concesión destas axudas.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 14 de xaneiro de 2005 pola que se modifica a autorización do centro privado Vila do Arenteiro do Carballiño (Ourense).

Examinado o expediente presentado polo centro privado Vila do Arenteiro do Carballiño (Ourense), en que solicita autorización para a ampliación dunha unidade de educación especial e a supresión dunha unidade de educación primaria.

O centro conta con autorización para impartir 3 unidades de educación infantil, 8 unidades de educación primaria, 4 unidades de educación secundaria obrigatoria e 1 unidade de educación especial (psíquicos), segundo a Orde do 22 de decembro de 1999 (DOG do 24-1-2000).

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Ourense, quen o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (BOE do 24 de decembro); o Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro (BOE do 10 de decembro), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral; o Real decreto 334/1985, do 6 de marzo, de ordenación da educación especial (BOE do 16 de marzo); o Decreto 320/1996, do 26 de xullo (DOG do 6 de agosto), de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizarlle a ampliación dunha unidade de educación especial ao centro privado Vila do Arenteiro do Carballiño (Ourense), segundo os datos que se relacionan no anexo desta orde, facendo constar que, para a súa posta en funcionamento, a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia na unidade que se amplía.

Segundo.-Suprímese unha unidade de educación primaria.

Terceiro.-Queda o centro obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna modificación cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala a presente orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia: Ourense.

Concello: O Carballiño.

Localidade: O Carballiño.

Enderezo: Corzos nº 6.

Denominación: centro privado Vila do Arenteiro.

Titular: *Vila do Arenteiro, S. Coop. Lda.*

Código do centro: 32016066.

Composición resultante:

Educación infantil: 3 unidades.

Educación primaria: 7 unidades.

Educación secundaria obrigatoria: 4 unidades.

Educación especial: 2 unidades (psíquicos).

Orde do 20 de xaneiro de 2005 pola que se lle autoriza a ampliación de tres unidades de educación infantil ao centro privado Apóstol Santiago de Vigo (Pontevedra).

Examinado o expediente presentado polo centro privado Apóstol Santiago de Vigo (Pontevedra), no que solicita a ampliación de tres unidades de educación infantil.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, quen o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (BOE do 24 de decembro); o Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro (BOE do 10 de decembro), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias, e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Considerando que o devandito centro privado ten autorización definitiva para impartir educación infantil.